

OUTRAS PROBAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL

PROBAS PROFESIONAIS OU DE COÑECEMENTO

QUE SON E QUE AVALÍAN?

As Probas Profesionais ou de Coñecemento son exercicios que avalían os coñecementos e o grao de destreza necesarios para desenvolver un traballo concreto. Serven para obter información sobre:

- Formación xeral, especializada e coñecementos específicos (idiomas, informática,...)
- Experiencia

Cada empresa elabora as probas profesionais á medida dos seus postos de traballo. Pode realizarse oralmente ou por escrito e o tipo de proba dependerá, en definitiva, do tipo de posto ao que se opta:

- Test de dominio de ferramentas informáticas ou proba de destreza fronte ao ordenador con tarefas prácticas concretas.
- Test de nivel de inglés ou realización dunha redacción, unha tradución ou unha exposición oral.
- Elaboración dun informe a partir duns datos ou información.
- Elaboración dun deseño
- Elaboración dun proxecto
- Reparar unha máquina
- Solucionar un problema propio do posto de traballo